



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

BANDO

D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN, ALCALDE DO CONCELLO DE ZAS, fai saber que:

Con motivo da celebración das TRADICIONAIS FOGUEIRAS DE SAN XOAN E SAN PEDRO, deberá presentarse no Concello unha declaración ***Declaración Responsable*** acompañada de ***Referencia Catastral***.

O prazo de presentación das declaración responsables será ata o 18 de xuño de 2025 ás 13:00h.

Non se otorgarán autorizacións para realizar fogueiras fóra do 23 e 28 de Xuño .

A presentación da declaración responsable poderá facerse:

-Telemáticamente na sede electrónica do Concello de Zas (https://sede.concellodezas.org/sxc/es/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral_N) a través de “solicitud xeral” e achegando o modelo de declaración responsable que se publicará no taboleiro de anuncios de dita sede, irá acompañado dun plano e referencia catastral da parcela.

-Presencialmente, nas oficinas do Concello en horario de **09:00 a 13:00** horas achegando a declaración responsable, xunto co DNI, plano e referencia catastral.

Deberán tomarse as seguintes medidas de prevención, entre outras:

- As persoas responsables teñen que **ser maiores de idade**.
- Os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer os números de Emerxencias: Protección Civil (112) e Garda Civil (981.716.022).
- As cacharelas deberán separarse como mínimo 15m. das vivendas e 50 m. das masas arbóreas ou zonas vexetais. Poñerase especial coidado de non situalas debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos.
- Na **zona urbana** o volumen do combustible do lumeiro non sobrepasará os 3 metros de perímetro nen 1 metro de altura; **no rural**, non sobrepasará os 6 metros de perímetro nen os 3 metros de altura.
- Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, aceites e en xeral calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico. En ningún caso se queimarán recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases de presión, incluídos os baleiros.
- Será vixiada polas persoas responsables ata a súa total extinción, asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas. No caso de que se levante o vento, suspenderase de inmediato.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Zas, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE: